

MOCIÓN PARA A ACTUACIÓN EN TRASOUTO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A ACTUACIÓN EN TRASOUTO**, baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos meses, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e mobilidade, abordou a creación dunha senda peonil na PO-551, entre os lugares de Trasouto e do Alto da Portela. Con esta actuación, mellorarase, entre outras cuestión, a conexión da Ruta dos Muíños, ao dinamizar o acceso a pé ao punto de encontro do río con Trasouto, así como ao vial que leva aos muíños da Laxe, da Presa, de Vilas e de Santos principalmente.

A sesión plenaria da Corporación Municipal do mes de marzo acolleu o debate e aprobación da Moción para acondicionar a Ruta dos Muíños, que contou cos votos favorables do PP, BNG e ACB, para, entre outras cuestións, “instar o goberno local a acometer unha actuación na Ruta dos Muíños de cara á Semana Santa e o verán”, explicitando diferentes obras que se tiñan que entender incluídas dentro da actuación.

Actualmente, e debido ás diferentes obras como a senda peonil da Xunta de Galicia, o noso concello atópase ante unha oportunidade para dinamizar a Ruta dos Muíños, contribuíndo a que se convirta nunha referencia tamén dentro da nosa comarca. É por iso que se fai ineludible a resolución dun punto conflitivo que lastra o desenvolvemento da ruta, como é a zona de Trasouto, baixo cuxa ponte é inviable o paso polo estado de conservación do camiño, o que obriga a cruzar a estrada nunha zona de curva co lóxico perigo para os sendeiristas.

En consecuencia, é necesario que, para aproveitar as dinámicas peonís que vai xerar a senda entre Trasouto e o Alto da Portela (que se une ás beirarrúas xa existentes), se mellore o paso por baixo da ponte de forma que permita o seu uso real, á vista de que o actual fai practicamente intransitable a ruta –o que provoca que numerosas persoas desistan do seu percorrido–.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO.– Instar o goberno local a xestionar coa Xunta de Galicia a mellora do paso existente por baixo da ponte de Trasouto para poder transitar con seguridade por el ao realizar a Ruta dos Muíños.

-ILMO.SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU-